

# POLÍTICA DE PRIVACIDADE

---

## A NOSA POLÍTICA DE PRIVACIDADE DUNHA OLLADA

---

1. **QUEN SOMOS?** Somos **OYSHO ESPAÑA, S.A.** e tratamos os teus datos persoais como *Responsables do tratamento*. Isto quere dicir que nos facemos cargo de como usar e protexer os teus datos. [Ver máis](#).
2. **PARA QUE USAMOS OS TEUS DATOS?** Usaremos os teus datos (obtidos online ou en persoa), entre outras finalidades, para **xestionar o teu rexistro** como usuario, **xestionar a compra** de produtos ou servizos, atender as túas consultas así como para, en caso de que o desexes, enviarche as nosas comunicacións personalizadas. [Ver máis](#).
3. **POR QUE OS USAMOS?** Estamos lexitimados para tratar os teus datos por diferentes motivos. O principal é que necesitamos tratalos para executar o contrato que aceptas connosco ao rexistrarte e ao facer unha compra ou gozar dalgún dos nosos servizos ou funcionalidades, aínda que hai outras razóns que nos lexitiman para iso, como o interese en atender as túas consultas ou o consentimento que nos prestas para enviarte as nosas newsletters, entre outras. [Ver máis](#).
4. **CON QUEN COMPARTIMOS OS TEUS DATOS?** Compartiremos os teus datos con provedores de servizos que nos axudan ou dan soporte, xa sexa empresas do propio Grupo Inditex ou colaboradores externos cos que chegamos a un acordo. [Ver máis](#).
5. **OS TEUS DEREITOS.** Tes dereito a acceder, rectificar ou suprimir os teus datos persoais. Nalgúns casos, tamén tes outros dereitos, por exemplo, a opoñerte a que usemos os teus datos ou a portalos, como che explicamos en detalle máis abaixo. [Ver máis](#).

Invítamoste a ler nosa **Política de privacidade** completa a continuación para entender en detalle o uso que faremos dos teus datos persoais e os dereitos dos que dispós en relación con estes.

---

## ANTES DE COMEZAR...

- Nesta **Política de Privacidade** atoparás **toda a información relevante** que se aplica ao **uso** que facemos dos datos persoais dos nosos clientes e usuarios, con independencia da canle ou medio (en liña ou en persoa) que utilices para relacionarte con nós.
- Se desexas información sobre como utilizamos as cookies e outros dispositivos similares que poidan estar instalados nos terminais dos nosos clientes e usuarios, recomendámosche que consultes a Política de Cookies.
- **Somos transparentes** sobre o que facemos cos teus datos persoais, para que entendas as implicacións dos usos que levamos a cabo ou os dereitos dos que dispós en relación cos teus datos:
  - Poñemos á túa disposición de forma **permanente toda a información** nesta Política de Privacidade que podes consultar cando o estimes oportuno e, ademais,
  - tamén irás encontrando **información** acerca de cada tratamento dos teus datos persoais **conforme vaías interactuando connosco**.
- Algúns nomes que usaremos nesta Política de privacidade:
  - Cando falamos da nosa **Plataforma**, referirémonos en xeral a calquera das canles ou medios dixitais ou en persoa que utilizases para interactuar connosco. Os principais son:
    - A nosa **Web**.
    - A nosa **App**, é dicir, tanto a aplicación móbil que che instalases no teu dispositivo coma as que poidamos utilizar na nosa Plataforma, como a App “Oysho Training”.
    - En persoa, nalgunha das nosas **Tendas Físicas**.

## 1. QUEN É O RESPONSABLE DO TRATAMENTO DOS TEUS DATOS?

Os responsables do tratamento dos teus datos somos:

- **OYSHO ESPAÑA, S.A.**, sociedade que actualmente opera en España a venda de produtos da marca OYSHO (en diante, “OYSHO ESPAÑA”):
  - Enderezo postal: Avda. de la Diputación, Edificio Inditex, 15143, Arteixo (A Coruña), España.
  - Correo electrónico da Delegada de Protección de Datos: [dataprotection@oysho.com](mailto:dataprotection@oysho.com).

Noutras palabras, OYSHO ESPAÑA somos **Responsables** do tratamento. Isto quere dicir que regulamos e nos facemos cargo de tratar e protexer os teus datos persoais.

## 2. CON QUE FINALIDADE TRATAMOS OS TEUS DATOS PERSOAIS?

Dependendo dos produtos, servizos ou funcionalidades dos que queiras gozar en cada momento necesitaremos tratar uns datos ou outros, que en xeral serán, segundo o caso, os seguintes:

- os teus **datos identificadores** (por exemplo, o teu nome, apelido, imaxe, idioma e país dende o que interactúas connosco, datos de contacto, etc.);
- información **económica e transaccional** (por exemplo, os teus datos de pagamento ou de tarxeta, información acerca das túas compras, pedidos, devolucións, etc.);

- datos de **conexión, xeolocalización e navegación** (por exemplo, os datos de localización, o número de identificación do teu dispositivo ou o ID de publicidade);
- información **comercial** (por exemplo, se estás subscrito á nosa newsletter),
- datos sobre os teus **gustos e preferencias**.
- Poden ser precisas **categorías especiais de datos** (por exemplo, datos sanitarios en caso de que sexa necesario xestionar certos incidentes, como os relacionados cos produtos cosméticos).

Lembra que, cando che pidamos que fornezas os teus datos persoais para darche acceso a algunha funcionalidade ou servizo da Plataforma, indicaremos que algúns campos como *obrigatorios*, posto que son datos que necesitamos para poder prestarche o servizo ou darche acceso á funcionalidade en cuestión. Por favor, ten en conta que se decides non nos facilitar eses datos, é posible que non poidas completar o teu rexistro como usuario ou que non poidas gozar deses servizos ou funcionalidades.

Noutros casos, podemos obter información de forma pasiva ao utilizar ferramentas de rastrexo, como as cookies dos navegadores ou outras tecnoloxías similares da nosa Plataforma ou das comunicacións que che enviamos. En certos casos, un terceiro pode que nos facilitase información sobre ti ao usar unha funcionalidade ou servizo da Plataforma, por exemplo, se te enviaron unha tarxeta regalo o se envían un pedido ao teu enderezo.

En tales casos, unicamente trataremos os teus datos en relación con esa funcionalidade ou servizo, de conformidade co establecido na presente Política de Privacidade.

Dependendo de como interactúes coa nosa Plataforma, trataremos os teus datos persoais para as seguintes finalidades:

FINALIDADE	+ info
<p><b>1. Para xestionar o teu rexistro e a túa identificación como usuario da Plataforma</b></p>	<p>En caso de que decidas rexistrarte como usuario na nosa Plataforma, necesitamos tratar os teus datos para <b>identificarte como usuario</b> desta e <b>darche acceso</b> ás súas diferentes funcionalidades, produtos e servizos que están á túa disposición como usuario rexistrado, entre elas, o acceso á nosa App “Oysho Training”. Podes cancelar a túa conta de usuario rexistrado poñéndote en contacto connosco a través de Atención ao Cliente.</p> <p>Informámoste de que os datos que recompilamos sobre a túa actividade, obtidos a través das diferentes canles da Plataforma e que inclúen as túas compras, permanecerán vinculados á túa conta para que se poida acceder a toda a información dunha vez.</p> <p>Ademais, informámoste de que poderás acceder co teu usuario rexistrado á nosa App “Oysho Training”, usando as mesmas credenciais. A información que recolle esta App está suxeita á súas propias condicións e políticas, polo que recomendámoste que revises as mesmas.</p> <p>Tes a posibilidade de utilizar o acceso ou inicio de sesión a través dunha rede social ou outro colaborador que habilite este servizo (login social) cando estea dispoñible na nosa pantalla de inicio de sesión, ben para vincular o inicio de sesión á túa conta ou rexistrando unha nova. Nese caso, as túas credenciais de inicio de sesión, así como o teu nome e email/número de teléfono (pode que precises autorizalo), importaranse dende a túa conta da rede social ou do colaborador. Ao usar esta opción de inicio de sesión, estes terceiros poderán enviarnos certa información adicional do teu perfil público, como, por exemplo: o teu nome, sexo, idade aproximada ou a fotografía de perfil, de acordo cos termos de uso da rede social/colaborador, que che</p>

FINALIDADE	+ info
	<p>recomendamos que leas con detemento. Agás que nos deas a túa autorización, non conservaremos estes datos adicionais. Así mesmo, a utilización desta funcionalidade pode implicar que lle facilites determinada información sobre a túa actividade á rede social ou ao colaborador. En todo caso, recomendámosche revisar a configuración da túa privacidade e as políticas de privacidade do colaborador ou rede social para coñecer como tratan os teus datos estes terceiros.</p> <p>Pode haber varios métodos dispoñibles para a túa identificación na Plataforma que requiran un proceso que verifique que os datos de contacto que usas che pertencen.</p>
<p><b>2. Para o desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou de servizos</b> que contratases connosco na Plataforma</p>	<p>Esta finalidade inclúe o tratamento dos teus datos para, principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ <b>Contactar contigo</b> en relación a actualizacións ou comunicacións informativas <b>relacionadas coas funcionalidades, produtos ou servizos contratados</b>, incluíndo o envío de <b>enquisas de calidade</b> sobre os produtos ou servizos prestados.</li> <li>▪ <b>Xestionar o pagamento</b> dos produtos que compres, independentemente do medio de pagamento utilizado. Por exemplo: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ se ao comprar algún dos nosos produtos a través da Web ou a App, elixes activar a funcionalidade de <b>gardar os teus datos de pagamento e o teu enderezo de envío</b> para futuras compras, necesitamos tratar os datos indicados para a activación e desenvolvemento da devandita funcionalidade. O consentimento para a activación desta funcionalidade permite que aparezan os teus datos de pagamento autocompletados en compras posteriores para que non teñas que volver introducilos en cada novo proceso, e entenderanse válidos e vixentes para compras posteriores. Poderás modificar ou eliminar os teus datos de pagamento en calquera momento a través do apartado correspondente á información de pagamento, ben da túa conta de usuario rexistrado na Web, ben da sección A miña conta da App.</li> </ul> </li> <li>▪ Se a funcionalidade da App para pagar as túas compras presenciais está dispoñible e decides utilizala, necesitaremos tratar os teus datos para activala e que poidas comezar a realizar as túas compras nas Tendas Físicas habilitadas para tal efecto.</li> <li>▪ Activar os mecanismos necesarios para previr e detectar usos non autorizados da Plataforma (por exemplo, durante os procesos de compra ou devolución), así como potenciais fraudes contra ti ou contra nós. Se consideramos que a operación pode ser fraudulenta ou detectamos un comportamento anormal que indique un intento de uso fraudulento das nosas funcionalidades, produtos ou servizos, este proceso pode ter consecuencias como o bloqueo da transacción ou a eliminación da túa conta de usuario.</li> </ul>

FINALIDADE	+ info
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Xestionar posibles cambios ou devolucións unha vez realices unha compra e xestionar <b>solicitudes de información sobre a dispoñibilidade de pezas, reservas de produtos a través da Plataforma</b>, segundo as devanditas opcións se encontren dispoñibles en cada momento.</li> <li>▪ Con fins de facturación e para poñer á túa disposición os tickets e facturas das compras que realizases na Plataforma.</li> <li>▪ Garantirche o uso <b>doutras funcionalidades ou servizos na medida que estean dispoñibles</b>, como a compra, recepción, xestión e uso da <b>Tarxeta Regalo</b> ou do <b>Ticket Regalo</b>, así como para facilitarche o acceso e uso do Wifi que poñemos a disposición dos nosos clientes en Tenda Física.</li> <li>▪ Se es usuario da App InWallet do Grupo Inditex (“InWallet”) e solicitaches vincular a conta que tes nesta Plataforma á túa conta de InWallet, autorízanos para que facilitemos a información relacionada cos teus pedidos e devolucións de compras online. A información que recompila a App InWallet está suxeita ás súas propias condicións e políticas, polo que che recomendamos que revises estas.</li> <li>▪ Co fin de ofrecerche determinados servizos personalizados (como o buscador de artigos, a reserva de probadores, etc.), dispoñibles nalgunhas Tendas Físicas, necesitamos tratar os teus datos de localización e contacto.</li> <li>▪ Por último, é posible que tratemos os teus datos para cumprir as obrigas legais que correspondan.</li> </ul>
<p><b>3. Para atender as solicitudes ou peticións que realices a través das canles de Atención ao Cliente</b></p>	<p>Só tratamos os datos persoais que sexan <b>estritamente necesarios</b> para xestionar ou resolver a túa solicitude ou petición.</p> <p>Se está dispoñible, e decides utilizar WhatsApp para comunicarte con Atención ao Cliente, facilitarémolles o teu número de teléfono a WhatsApp Inc. (unha sociedade situada en EE.UU. ) para comprobar que es usuario deste servizo. Recomendámosche que revises a túa configuración de privacidade e leas a política de privacidade de WhatsApp para obter información máis detallada sobre o uso que fai WhatsApp dos datos persoais dos usuarios que utilizan os seus servizos.</p> <p>Se está dispoñible e decides comunicarte con Atención ao Cliente a través do servizo de chat dunha rede social ou outro colaborador, algúns dos teus datos, como o teu nome ou nome de usuario, importaranse dende a túa conta da rede social ou do colaborador. Así mesmo, debes ter en conta que os datos que introduzas neste servizo estarán dispoñibles para a túa rede social ou colaborador e quedarán suxeitos ás súas correspondentes políticas de privacidade. Así pois, recomendámosche que revises a túa configuración de privacidade e leas a política de privacidade da rede social</p>

FINALIDADE	+ info
	ou colaborador para obter información detallada sobre o uso que fan dos teus datos persoais ao utilizar os seus servizos.
<p><b>4. Para fins de mercadotecnia</b></p>	<p>Esta finalidade inclúe o tratamento dos teus datos para, principalmente:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Personalizar os servizos que che ofrecemos e propoñerche recomendacións en función da túa interacción connosco a través da Plataforma así como nunha análise do teu perfil de usuario (por exemplo, segundo as túas compras ou o teu historial de navegación).</li> <li>▪ Na medida que te subscribas á nosa Newsletter, trataremos os teus datos persoais para <b>xestionar a túa subscrición</b>, incluíndo o <b>envío de información personalizada</b> acerca dos nosos produtos ou servizos a través de diversos medios (como o correo electrónico ou SMS). Así mesmo, poderemos facerche chegar esta información a través de notificacións push no caso de que as activases no teu dispositivo. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Polo tanto, ten en conta que este tratamento de datos leva consigo a <b>análise do teu perfil</b> de usuario ou cliente para determinar cales son as túas preferencias e polo tanto cales poden ser os produtos e servizos que máis encaixan co teu estilo á hora de enviarche información. Por exemplo, sobre a base do teu historial de compra e navegación (a saber, en función das pezas sobre as que fixeses clic), faremosche suxestións acerca de produtos que cremos que poden interesarte e, se es usuario rexistrado, facilitaremosche a funcionalidade de "recuperación de carriño".</li> <li>▪ Recorda que <b>podes darte de baixa da Newsletter en calquera momento</b> e sen custo ningún a través da sección de "Newsletter" da Plataforma, ademais de a través das indicacións que che facilitamos en cada comunicación. Se non desexas recibir notificacións push, poderás desactivar esta opción no teu dispositivo.</li> </ul> </li> <li>▪ Mostrarte <b>publicidade en Internet</b> que poderás ver cando navegues en sitios web e apps, por exemplo, en redes sociais. A publicidade que vexas pode mostrarse de modo aleatorio, pero noutras ocasións trátase de publicidade que pode estar relacionada co teu historial de compra, preferencias e navegación. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Se utilizas redes sociais, pode que facilitemos determinados datos ás empresas coas que colaboramos para que estas, como controladores conxuntos, poidan amosarche anuncios da nosa marca e, en xeral, ofrecerche a ti e a usuarios coma ti anuncios que garden relación co teu perfil nas devanditas redes sociais. Se queres información sobre o uso dos teus datos e o funcionamento de anuncios nestas redes sociais, recomendámosche que revises</li> </ul> </li> </ul>

FINALIDADE	+ info
	<p>a información acerca da túa privacidade nas redes sociais nas que participas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Adicionalmente utilizamos os teus datos para levar a cabo análises de medición e segmentación dos anuncios que mostramos aos usuarios nalgunhas plataformas de colaboradores. Para iso colaboramos con estes terceiros que nos ofrecen a tecnoloxía necesaria (por exemplo, a través de cookies, píxeles, SDK) para utilizar estes servizos. Ten en conta que pode ser preciso que lles facilitemos determinada información ou algún tipo de identificador cada vez (por exemplo, o ID de publicidade asociado ao dispositivo, un identificador asociado a unha cookie etc.). Se desexas máis información a este respecto, podes revisar a nosa Política de Cookies. Así mesmo, podes restablecer o teu identificador de publicidade ou deshabilitar a personalización dos anuncios no teu dispositivo modificando as túas preferencias na sección de axustes do teu dispositivo.</li> <li>▪ Enriquecemento de datos: Cando obteñamos os teus datos persoais de diversas fontes, poderemos combinalos en determinadas circunstancias co fin de mellorar a nosa comprensión das túas necesidades e preferencias en relación cos nosos produtos e servizos (incluídas as finalidades de análise, xeración de perfís de uso, estudos de mercadotecnia, enquisas de calidade e mellora da interacción cos nosos clientes). Con isto referímonos, por exemplo, ao xeito en que combinamos a túa información se tes unha conta rexistrada e, co correo electrónico ou número de teléfono que o vinculado a esa conta, realizas unha compra como convidado, ou ben á información compilada automaticamente (como os enderezos IP ou MAC ou os metadatos) que podemos vincular coa información que nos facilites directamente a través da túa actividade na Plataforma ou nalgunha das nosas tendas (por exemplo, información relacionada coas túas compras en tendas online ou físicas, as túas preferencias etc.).</li> <li>▪ Levar a cabo <b>accións promocionais</b> (por exemplo, para o desenvolvemento de concursos ou o envío da túa lista de artigos gardados ao correo electrónico que nos indiques). Ao participar nalgunha acción promocional, autorízanos a que tratemos os datos que nos facilites en función de cada acción promocional e os poidamos comunicar a través de diversos medios como redes sociais ou na propia Plataforma. En cada acción promocional na que participes terás dispoñibles as bases legais onde che facilitaremos información máis detallada sobre o tratamento dos teus datos.</li> <li>▪ Difundir na Plataforma ou a través das nosas canles nas redes sociais fotografías ou imaxes que compartises de forma pública, sempre que nos deas o teu consentimento para iso.</li> </ul>

FINALIDADE	+ info
<p><b>5. Análise de usabilidade e de calidade</b> para a mellora dos nosos servizos</p>	<p>Se accedes á nosa Plataforma, informámoste de que trataremos os teus datos para <b>fins analíticos e estatísticos</b>, é dicir, para entender a forma na que os usuarios interactúan coa nosa Plataforma e coas accións que levamos a cabo noutros sitios web e apps, co fin de mellorar os nosos servizos.</p> <p>Así mesmo, en ocasións realizamos <b>accións e enquisas de calidade</b> destinadas a coñecer o grao de satisfacción dos nosos clientes e usuarios e detectar aquelas áreas nas que podemos mellorar.</p>

### 3. CAL É A LEXITIMACIÓN PARA O TRATAMENTO DOS TEUS DATOS?

A base legal que nos permite tratar os teus datos persoais tamén depende da finalidade para a que os tratemos, segundo o explicado na seguinte táboa:

Finalidade	Lexitimación
<b>1. Xestionar o teu rexistro e identificación como usuario da Plataforma</b>	<p>O tratamento dos teus datos é <b>necesario para a execución dos termos</b> que regulan o uso do Sitio web e da Plataforma. Noutras palabras, para que poidas rexistrarte como usuario na Plataforma, necesitamos tratar os teus datos persoais, xa que pola contra non poderíamos xestionar o teu rexistro.</p> <p>Consideramos que temos un <b>interese lexítimo</b> para vincular á túa conta as túas compras e os datos que recompilamos sobre a túa actividade a través das diferentes canles da Plataforma.</p> <p>Ademais, consideramos que temos un <b>interese lexítimo</b> para ofrecerte que poidas acceder co teu usuario rexistrado á nosa App “Oysho Training”, usando as mesmas credenciais.</p> <p>No caso de que elixas utilizar o acceso ou o inicio de sesión a través dunha rede social, o motivo polo que estamos lexitimados para tratar os teus datos é o <b>consentimento</b> que prestas no momento de autorizar a cesión dos teus datos dende a rede social.</p>

Finalidade	Lexitimación
<p><b>2. Desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou de servizos</b></p>	<p>O tratamento dos teus datos é necesario para a <b>execución do contrato de compravenda</b> ou de prestación de servizos que nos vincule contigo. Iso inclúe os datos de contacto que tratamos para fornecerche tickets electrónicos das túas compras nas Tendas Físicas e para que che resulte máis doado usalos.</p> <p>É posible que algúns tratamentos de datos asociados ao proceso de compra se activen unicamente porque ti o solicites ou nos autorices, como é o caso do almacenamento dos datos de pagamento para futuras compras ou para informarte da dispoñibilidade dos nosos produtos, onde estas funcións están dispoñibles. Nestes casos, a base sobre a que tratamos os teus datos é o teu propio <b>consentimento</b>.</p> <p>Ademais, tratamos os teus datos de localización cando nos dás o teu consentimento, para ofrecerche servizos específicos a través da App cando visitas algunhas das nosas Tendas Físicas.</p> <p>Consideramos que temos un <b>interese lexítimo</b> para levar a cabo as verificacións necesarias para detectar e evitar posibles fraudes ou usos fraudulentos da Plataforma, por exemplo, cando realizas unha compra ou devolución, ou para analizar a eficacia de varios servizos incluídos na Plataforma, como a ferramenta de recomendación de talle. Entendemos que o tratamento destes datos resulta positivo para todas as partes: para ti, xa que nos permite poñer medidas para protexerte contra intentos de fraude realizados por terceiros; para Nós, porque nos permite evitar que se faga un uso indebido da Plataforma; para todos os nosos clientes e a sociedade, porque tamén protexe o seu interese en asegurar que as actividades fraudulentas sexan desalentadas e detectada cando acontezan.</p>
<p><b>3. Atención ao Cliente</b></p>	<p>Consideramos que temos un <b>interese lexítimo</b> para atender as solicitudes ou consultas que nos formules a través dos diversos medios de contacto existentes. Entendemos que o tratamento destes datos resulta tamén beneficioso para ti en tanto que nos permite poder atenderte adecuadamente e resolver as consultas formuladas.</p> <p>Cando te poñas en contacto connosco, en particular, para a xestión de incidencias relacionadas co teu pedido ou o produto/servizo adquirido a través da Plataforma, o tratamento é necesario para a <b>execución do contrato de compravenda</b>.</p> <p>Cando a túa consulta estea relacionada co exercicio dos dereitos sobre os que te informamos máis abaixo, ou con reclamacións relacionadas cos nosos produtos ou servizos, o que nos lexitima para tratar os teus datos é o <b>cumprimento de obrigas legais</b> pola nosa banda.</p> <p>Nalgúns casos relacionados con reclamacións sobre produtos, pode ser preciso realizar o tratamento dos datos para garantir o <b>interese público</b> na sanidade.</p>

Finalidade	Lexitimación
<p><b>4. Mercadotecnia</b></p>	<p>A base lexítima para tratar os teus datos con finalidades de márketing é o <b>consentimento</b> que nos prestas, por exemplo cando aceptas recibir información personalizada a través de diversos medios, cando autorizas o envío de notificacións push no teu dispositivo, cando prestas o teu consentimento mediante a configuración das cookies ou da privacidade do teu dispositivo, ou cando aceptas as bases legais para participar nunha acción promocional ou para publicar as túas fotografías na Plataforma ou nas nosas canles de redes sociais.</p> <p>Co fin de ofrecerche información ou servizos personalizados, xa sexa na nosa Plataforma ou na de terceiros, e comprometernos coa mellora dos datos, consideramos que temos un interese lexítimo para realizar un perfilado coa información que temos sobre ti (como a navegación que realizas, preferencias ou histórico de compras) e os datos persoais que nos facilitaches como rango de idade ou idioma, xa que entendemos que o tratamento destes datos tamén resulta beneficioso para ti porque che permite mellorar a túa experiencia como usuario e acceder a información de acordo coas túas preferencias.</p>
<p><b>5. Análise de usabilidade e de calidade</b></p>	<p>Consideramos que temos un <b>interese lexítimo</b> para analizar a usabilidade da Plataforma e o grao de satisfacción do usuario xa que entendemos que o tratamento destes datos tamén resulta beneficioso para ti porque a finalidade é mellorar a experiencia do usuario e ofrecer un servizo de maior calidade.</p>

## 4. DURANTE CANTO TEMPO CONSERVAREMOS OS TEUS DATOS?

O prazo de conservación dos teus datos dependerá das finalidades para as que os tratemos, segundo o explicado a continuación:

Finalidade	Prazo de conservación
<b>1. Xestionar o teu rexistro e identificación como usuario da Plataforma</b>	Trataremos os teus datos durante o tempo en que manteñas a condición de usuario rexistrado (é dicir, ata que decidas darte de baixa).
<b>2. Desenvolvemento, cumprimento e execución do contrato de compravenda ou servizos</b>	Trataremos os teus datos durante o tempo necesario para xestionar a compra dos produtos ou servizos, incluíndo posibles devolucións, queixas ou reclamacións asociadas á compra do produto ou servizo en particular.  Nalgunhas ocasións, unicamente trataremos os datos ata o momento en que ti decidas, como é o caso dos datos de pagamento que nos solicitaches almacenar para posibles compras futuras (en caso de que estea dispoñible esta funcionalidade).
<b>3. Atención ao Cliente</b>	Trataremos os teus datos durante o tempo que sexa necesario para atender a túa solicitude ou petición; e durante o tempo establecido nas normativas vixentes en cada caso.
<b>4. Mercadotecnia</b>	Trataremos os teus datos ata que te deas de baixa ou canceles a túa subscripción á newsletter.  Así mesmo, mostráremosche anuncios personalizados ata que cambies o dispositivo, o navegador ou a configuración das cookies, o que revogará o devandito permiso.  Se participas en accións promocionais conservaremos os teus datos por un prazo de seis (6) meses dende que finalice a acción.
<b>5. Análise de usabilidade e de calidade</b>	Trataremos os teus datos puntualmente durante o tempo no que procedamos a realizar unha acción ou enquisa de calidade concreta ou ata que fagamos anónimos os teus datos de navegación.

Independentemente de que tratemos os teus datos durante o tempo estritamente necesario para cumprir coa finalidade correspondente, conserváremoslos posteriormente debidamente gardados e protexidos durante o tempo en que puidesen xurdir responsabilidades derivadas do tratamento, en cumprimento coa normativa vixente en cada momento. Unha vez prescriban as posibles accións en cada caso, procederemos á supresión dos datos persoais.

## 5. COMPARTIREMOS OS TEUS DATOS CON TERCEIROS?

Para cumprir as finalidades indicadas na presente Política de privacidade, é necesario que deamos acceso aos teus datos persoais a **entidades do Grupo Inditex** e a **terceiras partes** que nos presten apoio nos servizos que che ofrecemos, a saber:

- entidades **financeiras**,
- entidades **de detección e prevención de fraude**,
- provedores de **servizos tecnolóxicos e analíticos**,
- provedores e colaboradores de servizos de **loxística, transporte e entrega** ou os seus establecementos asociados,
- provedores de servizos relacionados con **atención ao cliente**,
- provedores e colaboradores de servizos relacionados con **mercadotecnia e publicidade**, como axencias de publicidade, socios publicitarios ou redes sociais que, en determinados casos, poidan actuar como controladores conxuntos.
  
- autoridades públicas

Por eficiencia do servizo, algúns dos fornecedores mencionados están situados en territorios fóra do Espazo Económico Europeo que non proporcionen un nivel de protección de datos equiparable ao da Unión Europea. En tales casos, informámoste de que transferimos os teus datos con garantías adecuadas e sempre mantendo a seguridade dos teus datos, utilizando as ferramentas de transferencia de datos internacionais máis axeitadas, por exemplo as cláusulas contractuais tipo e as disposicións complementarias pertinentes, cuxo contido podes consultar na seguinte ligazón: [https://commission.europa.eu/law/law-topic/data-protection/international-dimension-data-protection/standard-contractual-clauses-scc\\_en](https://commission.europa.eu/law/law-topic/data-protection/international-dimension-data-protection/standard-contractual-clauses-scc_en).

Por outro lado, informámoste de que necesitaremos compartir os teus datos coa nosa matriz, Industria de Diseño Textil, S.A. (Inditex, S.A.), empresa hólding do Grupo Inditex, para o cumprimento de obrigas propias da matriz.

No caso de que vendésemos ou transferísemos a totalidade ou unha parte do noso negocio ou os nosos activos a outra empresa pertencente ou non ao Grupo Inditex, ou desempeñásemos calquera outra actividade comercial como consecuencia dunha reorganización corporativa, poderíamos revelar os teus datos persoais ao potencial receptor do negocio ou os activos. No caso de producirse a devandita venda ou transferencia, realizariamos os esforzos razoables para que o beneficiario tratase a información persoal que nos facilitaches conforme a nosa Política de Privacidade. Neste caso, consideramos que temos un interese lexítimo baseado na reorganización da nosa estrutura corporativa.

Por outra parte, se decides utilizar a Plataforma en diferentes mercados (é dicir, creando contas de usuario rexistrado en distintos mercados co mesmo enderezo de correo electrónico), poderíamos necesitar revelar ou transferir a información vinculada á túa conta ou á túa actividade ás empresas da marca que operen nos devanditos mercados, na medida que estean directamente implicadas na consecución de calquera dos obxectivos descritos na sección 2. Consideramos isto necesario para satisfacer os nosos mutuos intereses e preferencias.

## 6. CALES SON OS TEUS DEREITOS CANDO NOS FACILITAS OS TEUS DATOS?

Comprometémonos a respectar a confidencialidade dos teus datos persoais e a garantirche o **exercicio dos teus dereitos**. Podes exercitalos **sen custo ningún** enviándonos unha solicitude a través desta [ligazón](#). Se tes algunha dificultade utilizando ese canal, podes escribirnos un correo electrónico ao enderezo de correo de contacto que figura no apartado 1 deste documento, indicándonos o motivo da túa solicitude e o dereito que queres exercitar.

Así mesmo, podemos ofrecerche a posibilidade de exercer os teus dereitos e configurar as túas preferencias de privacidade ao utilizar algúns dos nosos servizos dentro da nosa Plataforma.

En caso de que o consideremos necesario para poder identificarte, poderemos solicitarche copia dun documento acreditativo da túa identidade.

En particular, independentemente da finalidade ou a base legal en virtude da que tratemos os teus datos, tes dereito a:

- Pedirnos **acceso** aos datos dos que dispoñemos de ti. Recordámosche que en caso de seres usuario rexistrado na Plataforma tamén podes consultar esta información na sección correspondente aos teus datos persoais.
- Pedirnos que **rectifiquemos** os datos dos que xa dispoñemos. Recordamos que se es usuario rexistrado na Plataforma tamén podes acceder á sección correspondente aos teus datos persoais da túa conta para modificar ou actualizar os teus datos persoais. De todos os xeitos, ten en conta que, ao facilitarnos activamente os teus datos persoais por calquera vía, garantés que son **certos e exactos** e te comprometes a notificarnos calquera cambio ou modificación destes. Calquera perda ou dano causado á Plataforma ou ao responsable da Plataforma ou a calquera terceiro por motivo dunha comunicación de información errónea, inexacta ou incompleta nos formularios de rexistro, será responsabilidade exclusiva do usuario. Por favor, recorda que por regra xeral só debes facilitarnos os teus propios datos persoais, non os de terceiros, salvo no permitido nesta Política de privacidade.
- Pedirnos que **Suprimamos** os teus datos na medida que xa non sexan necesarios para a finalidade para os que necesitamos tratalos segundo te informamos máis arriba, ou en que xa non contemos con lexitimación para facelo.
- Pedirnos que **limitemos o tratamento** dos teus datos, o que supón que en determinados casos poidas solicitarnos que suspendamos temporalmente o tratamento dos datos ou que os conservemos máis alá do tempo necesario cando poidas necesitalo.

Se nos proporcionaches o teu **consentimento** para o tratamento dos teus datos para calquera finalidade, tamén **tes dereito a retiralo en calquera momento**. Algunhas das formas nas que podes retirar o teu consentimento están explicadas no apartado 2 no que explicamos para que finalidades tratamos os teus datos.

No caso de que non queiras que se envíe información a terceiros para mostrarche anuncios, dispós de varios medios, como cambiar as preferencias no dispositivo, o navegador ou a configuración das cookies, revisar a política de privacidade e a configuración das redes sociais nas que teñas perfil ou enviarnos un correo electrónico coa túa solicitude ao enderezo anteriormente mencionado.

Cando a nosa lexitimación para o tratamento dos teus datos sexa o teu **consentimento** ou a **execución do contrato**, segundo o explicado no apartado 3, tamén terás dereito a solicitar a **portabilidade dos teus datos** persoais. Isto significa que terás dereito a recibir os datos persoais que nos facilitases nun formato estruturado, de uso común e lexible por unha máquina, para poder transmitirlo a outra entidade directamente, sempre que tecnicamente sexa posible.

Por outra parte, cando o tratamento dos teus datos estea baseado no noso **interese lexítimo**, tamén terás dereito a **opoñerte** ao tratamento dos teus datos.

Por último, informámoste do teu dereito a **presentar unha reclamación** ante a autoridade de control en materia de protección de datos pertinente, en particular, ante: a Axencia Española de Protección de Datos (<https://www.agpd.es/portalwebAGPD/index-ides-idphp.php>).

## **7. QUE PASA SE NOS FACILITAS DATOS DE TERCEIROS OU SE UN TERCEIRO NOS FACILITOU DATOS TEUS?**

Ofrecemos funcionalidades ou servizos que requiren que tratemos os datos persoais dun terceiro que ti, como usuario ou como cliente, nos facilites, como para a activación e envío da Tarxeta Regalo ou a xestión da solicitude do Tícket Regalo (onde estas funcións estean dispoñibles) ou cando autorizas un terceiro a recoller un pedido nas nosas tendas ou establecementos asociados. Se nos proporcionas datos persoais de terceiras persoas ou se resulta necesario que llos solicitemos para recoller un pedido no teu nome, garantes telos informados acerca das finalidades e a forma na que necesitamos tratar os seus datos persoais.

No caso de que un terceiro nos facilitase os teus datos ou ti mesmo os facilitases como resultado dunha funcionalidade ou servizo solicitado por un dos nosos usuarios, tratarémolos para xestionar a funcionalidade ou o servizo correspondente en cada caso, dentro dos límites dos fins enumerados na presente Política de Privacidade. Poderás atopar unha ligazón a esta en todas as nosas comunicacións.

## **8. CAMBIOS NA POLÍTICA DE PRIVACIDADE**

É posible que modifiquemos a información contida nesta Política de privacidade cando o consideremos conveniente. En caso de que o fagamos, notificaremoscho por distintas vías a través da Plataforma (por exemplo, a través dun banner, un pop-up ou unha notificación push), ou mesmo cho comunicaremos ao teu enderezo de correo electrónico cando o cambio en cuestión sexa significativo para coa túa privacidade, de maneira que poidas revisar os cambios, valoralos e, se é o caso, opoñerte ou darte de baixa nalgún servizo ou funcionalidade. En calquera caso, suxerímosche que revises esta Política de privacidade de vez en cando por se houberse cambios menores ou por se introducimos algunha mellora interactiva, aproveitando que sempre a encontrarás como punto permanente de información na nosa web e a nosa app.

## **9. INFORMACIÓN SOBRE COOKIES**

Utilizamos cookies e dispositivos similares para facilitar a túa navegación na Plataforma, coñecer como interactúas connosco e, en determinados casos, poder mostrarche publicidade en función dos teus hábitos de navegación. Por favor, le a nosa Política de Cookies para coñecer con maior detalle as cookies e dispositivos similares que usamos, a súa finalidade e como xestionar as túas preferencias, así como outra información de interese.